

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO - AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2024/25

A solicitude será única, figurarán todos os fillos/as matriculados/as no centro. Hai tres tipos de axudas: *(o alumnado que vai para os outros centros debe presentala onde foi admitido)*

1. FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

Para o alumnado de **3º e 4º de E. Primaria.** (**5º e 6º E.P. terán ordenadores E-DIXGAL)

Axudas:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: acceso a **6 libros*** do fondo solidario.
- Renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000 €: a **4 libros*** do fondo solidario. **mínimo de libros garantido, que poderá incrementarse se houbera existencias suficientes.*

2. AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS

Para o alumnado de **1º e 2º de E. Primaria.**

Contía das axudas:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: **240€**
- Renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: **160€**

3. AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

Para o alumnado de **1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria.**

Contía das axudas:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: **75 €.**
- Renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: **60€**

**** Para o alumnado con NEAE poderá haber outras contías.**

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: sumaranse os recadros **435 e o 460** da declaración da renda de **2022** dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos.

- **En caso de non presentar declaración** teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Terase en conta a **situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2022 e a renda do 2022.**

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase **dividindo** a renda da unidade familiar **entre o número de membros computables.**

Son membros computables:

- Os pais ou titores legais, fillos/as menores de idade, fillos/as maiores de idade con discapacidade e fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable

aquel que non conviva co alumno/a, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, o novo cónxuxe ou parella.

- Computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno/a e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.
- Cando non exista vínculo matrimonial: pai, nai e todos os descendentes convivintes.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. Os Anexos I e II cubertos. No cadro da páxina 1 deberán figurar todos os fillos/as do solicitante matriculados no centro en E. Primaria; no cadro da páxina 2 só deben figurar o cónxuxe, en caso de que o haxa e os demais fillos que forman a unidade familiar; no cadro da páxina 3 deben figurar e asinar todos os membros da unidade familiar distintos do solicitante (no caso dos menores de idade debe asinar un dos proxenitores). O solicitante deberá asinar nas páxinas 3 e 4.

2. Se a situación familiar cambiou a 31 de decembro de 2022:

- Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- En caso de divorcio ou separación legal dos pais: fotocopia da sentenza xudicial o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.

3. Certificado de discapacidade: aportarase o certificado só en caso de que non fose emitido pola Xunta de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO CENTRO

- **As solicitudes enviaranse polo alumnado**, que as entregará á súa titora ou titor, para que estes posteriormente as entreguen en secretaría.
- **As solicitudes terán que vir totalmente cubertas, e con fotocopias de toda a documentación a presentar.**

PRESENTACIÓN POR VÍA ELECTRÓNICA no formulario normalizado (anexos I e II) dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> (procedemento ED330B)

O último día para presentar as solicitudes será o **VENRES 21 de xuño.**

DEVOLUCIÓN LIBROS DO PRESENTE CURSO:

Ao alumnado que neste curso está cursando 3º, 4º e 6º de E. Primaria recolleránselle TODOS os libros e cadernos o venres 14 de xuño.

Estes libros forman parte do fondo solidario do centro. A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para material escolar no curso 2024/25.